

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus>
onstopus.htm

Nº63/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de febreiro / Estado de Convalecencia

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

O meu agradecemento a todos os lectores que, sabendo da miña operación de cadeira, enviáronme mensaxes de ánimo. A todos eles, **MOITAS GRAZAS**



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

En referencia á loita dos aunienses para conseguir ir á Illa sen ningunha restrición. **Páx. 1**



DEIXOUNOS “CARETA”

Despois de anos alegrando a veciños e visitantes, a egua Careta decidiu tomar outro rumbo. Que sexa tan feliz como foi en Ons. **Páx. 1**



AXUDAS ÁREA DE INFLUENCIA DO PARQUE NACIONAL

Despois dun bo número de convocatorias de subvencións de diferentes organismos para a rehabilitación das casas aunienses, por fin este ano hai un bo número de peticións. **Páx. 2**

RESTAURANTE “ONS” EN LAS PALMAS

Uns aunienses de visita a Las Palmas de Gran Canaria, descubren un restaurante de nome <Ons>, cun mural do barrio de Curro. **Páx. 2**


ONS

ARQUEOLÓXICA
Necesario protexer o cantil arqueolóxico de Canexol. **Páx. 4**



CESÁREO RETIRA O “GALPÓN SUSUKI”

Aínda que non pensa deixar o mundo do motociclismo, decidiu cambiar de radicación o almacén que custodia as súas motos de competición. **Páx. 3**



Varu Camawei, na atalaia en recordo dos amigos camawaianos. **Páx. 3**

ONS, NECESIDADES, PROMESAS E TRANSPARENCIA

Estamos á espera de que a Consellería ou Parques informen de proxectos que estaban contemplados no PRUX. **Páx. 5**



Breves:

- A serpe do Castelo **Páx. 2**
- Temporal invernal **Páx. 4**
- Inversións Faro de Sálvora **Páx. 6**
- Recollida e transporte do lixo **Páx. 6**
- Audiovisual chapapote en Ons **Páx. 6**

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con relación á Declaración de Patrimonio da Humanidade

Un lector manda un comentario en relación á temática da solicitude por parte de Vigo e Xunta para que sexan declaradas Patrimonio de Humanidade as Cíes para Vigo, e, o conxunto das Illas Atlánticas para a Xunta. Ten relación con anterior Onstopus nº 62 no que se tocaba esa loita institucional:

“Ola Pardellas, vexo que segues co tema do Patrimonio da Humanidade, porfía na que están metidos tanto o alcalde de Vigo como a Consellería de Cultura. Tes razón que esta lixeira comezou con Caballero, pois sabe o que esa declaración pode traer para Vigo e para a súa popularidade, cousa que provocou que se acenderan as alarmas na Xunta. Pero, tal como o levaba, hai que recoñecer que Caballero non o vía moi claro ou, polo menos que o tiña difícil ao ter que enfrontarse a un organismo de máis calibre; sen embargo poñendo por diante a súa experiencia política e que tanto as Consellerías de Cultura e M. Ambiente, ao igual que Parques, tamén polo que podemos comprobar nestes 20 anos, son bastantes torpes á hora de levar adiante o Parque, máxime nunha illa como a de Ons que mantén unha poboación autóctona á que non quere recoñecer ningún tipo de dereitos, veu o ceo aberto na súa contenda cando os propios veciños lle pediron audiencia para que lles botara unha man co tema das cotas.

A partir desa, Caballero veuse reforzado e xa ten un argumento, bastante sólido, para competir coa Xunta de Galicia. Á vez, os veciños, parece que solucionaron o tema das cotas, pero seguen tendo moitos problemas co Parque, o que utilizará Caballero para desprestixiar a candidatura do conxunto das Illas do Parque Nacional.

Con respecto á vantaxes e inconvenientes que traerá, habería que estudialo moi profundamente para saber en que medida os veciños poden, ao longo, verse prexudicados. Ata o de agora as referencias positivas falan de: aumento de turismo, economicamente poden chegar máis cartos aos xestores, habería máis protección e preservación do patrimonio cultural e natural,... Pero penso que todo iso xa o debería ter ao ser declaradas Parque Nacional, declaración coa maior protección.”

Prezado amigo, penso que xa o pos ti todo claro na presentación do tema e nos seus beneficios, só me queda abondar un anaco nas túas palabras: Aumento de turismo O Prux xa pon claro a cantidade de turistas que poden acceder cada día, por conseguinte, non van vir moitos máis. Repercusión económica Todos sabemos que o Parque recibe, a carón do que lle pertence da Consellería de M. Ambiente e da Rede de Parques unhas cantidades anuais, pero anualmente e con moita habilidade, conseguen unha boa cantidade de cartos europeos. Cal é o problema? Que non sabemos cal é a programación anual do Parque para cada Illa, que presuposto teñen, a final de ano non informan do realizado, do que non se puido realizar e os gastos que tiveron,... Polo que, por moitos cartos que cheguen de fóra, onde os meten? Nin idea. Maior protección coido que estas illas ao ser declaradas Parque Nacional, están non nivel máximo de protección, polo que non creo que poda subir máis, agás, iso si, que se preocupen máis por preservar os seus valores ecolóxicos e culturais.



FOTO: Diario de Pontevedra, onde podemos ver, no balcón da fachada do concello de Bueu, cando a problemática estaba candente e pouco diálogo había por parte da administración, o agradecemento ao Sr. Caballero polos seus comentarios a favor dos veciños polo tema das cotas.

Deixounos CARETA



Careta, esa egua que trouxo a Ons Emilio (Pitiso) e que, cando por enfermidade non puido atendela, fíxose cargo dela Pepe de Miro, coa axuda estival de Varu Camawei. Era unha auniense máis, moi querida por todos e que a todos conquistaba co seu doce comportamento. Foi cabalgada en Ons por hábiles jockey



Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023

Teño que recoñecer a miña satisfacción pola cantidade de aunienses que pediron axudas para obras nas súas vivendas da Illa nesta convocatoria. Tiveron que pasar anos, houbo cantidade de concursos para solicitar subvencións, entre as que destaco os ARI, presentados pola Consellería de Medio Ambiente e o concello de Bueu como unhas das mellores axudas que ía ter Ons, e que, sen embargo, pola falla de axuda técnica por parte destes organismos, non foron solicitadas...

Non sei a quen haberá que darlle os **Parabéns**, gustaríame que fose á Asociación Veciñal que despois de informar aos veciños facilitou as solicitudes, pero coido que por aí non foron os tiros. Tamén que fose Parques o que puxo a carne no asador para asesorar aos veciños na petición, pero por aquí tampouco atoparon ese apoio. Polo que, teño a sospeita, que poderá ser a empresa que vai a realizar esas reparacións a que socorreu, nese aspecto, aos veciños.

Ben, veña de onde veña este respaldo, só hai que darlle as grazas e esperar que para anos sucesivos sexan os propios veciños ou as administracións xestoras as que demostren que ser funcionario é algo real e positivo.

As reparacións son, maioritariamente, de tellado, recuperación construtiva tradicional, portas e fiestras. As axudas roldan todas os 15.000 euros.

Só falta esperar que administración e veciños se poñan de acordo con respecto ás edificación anexas que tamén necesitan reparacións.



A SERPE DO CASTELO

Xa teño comentado unha frase que no seu día pronunciou Paula Ballesteros: *“Ons, nunca deixará de sorprendernos”*. É ben certo, levo vinculado a Ons case 50 anos realizando todo tipo de recompilacións e, a mediados de novembro do 2022, Pepe de Miro, sorpréndeme con esta peculiar foto cunha figura serpentiforme que se atopa, segundo me dixo, na Buraca polo norte do Castelo da Rueda. Comentoume que os traballadores de Tragsa estaban a cortar eucaliptos nesa zona e fixéronse na forma da rocha e fotografárona. Espero este próximo verán observala e pescudar sobre ela.

RESTAURANE “ONS” NAS PALMAS DE GRAN CANARIA

Uns aunienses, a mediados do mes de xaneiro, fixeron unha excursión polas illas Canarias. Atopándose nas Palmas repararon nun restarante que, casualmente, chamábase **“ONS”**.

Dentro tiña varios murais do peirao e da zona de Curro, co nome de *“Puerto de Ons”*, o que fixo dubidar se se chamaba *“Ons”* ou *“Puerto de Ons”* dito restaurante.

Atopar un restaurante con ese fantástico nome, incita a entrar e coñecer a súa cociña, á vez, aproveitaron para preguntarlle ao dono o por que dese nome.

Souberon que, quen montou o restaurante era de Sanxenxo aínda que agora levábao outra persoa, andaluz de procedencia, que respondendo ás preguntas dos aunienses non tiña nin idea de onde se atopaba ese pobo, *“Ons”* e, moito menos, que era unha Illa.

Puideron comprobar a súa boa cociña, cunha clasificación de excelente, cun bo servizo e calidade-prezo aceptable.

Non podía ser menos para un Restaurante de nome **“Ons”**.



NOVAS DESTAS SEMANAS DE BO TEMPO

Aproveitando o magnífico e solleiro tempo, aínda que moi frío, que tivemos estas semanas do 22 de xaneiro ao 5 de febreiro, e que, por ese motivo, puideron desprazarse ata a Illa un bo número de aunienses, chegaron as novas a esta redacción. Paso a dar unha pequena información sobre elas.



CESÁREO DESMONTA O MILENARIO “Galpón Susuki”

Cesáreo, multicampión de Moto GP que tiña en Ons o seu lugar de adestramento, decide desfacerse da Zona de Boxes que tiña a rentes da súa casa en Pereiró.

Parece que pensa deixar o mundo da competición, pero iso non quere dicir que deixe a súa paixón polo motociclismo e as motos, polo que habilitou un mellor espazo para resgardar os seus tesouros de dúas rodas que tantos triunfos lle deron.



No recadro o Galpón Susuki



Harley-Mobylette-Davidson de competición de Cesáreo.

HISTORIA PROFUNDA DE CAMAWEI.

EN RECORDO DOS QUE SE FORON

“Os homes e mulleres de Camawei teñen un espazo para o recordo dos seus irmáns, bos e malos... un sitio para evocar aos mortos e sentirse vivos....

No documento fotográfico, vense tres pedras para Camilo... talladas por Txoto.... O lugar, que foi escollido por min... é o sitio onde moitas postas de sol vimos cando nos encarceraron en Chan de Pólvora...

E unha pedra tallada a 20 metros das de Camilo... en recordo de Alvarito... que nun micro segundo de hiperespazo... acabou suicidándose... colgado dun cabo.” *Palabras de Waru Camawei sobre Camilo e Álvaro, Camawaianos de pro que tiveron un triste, repentino e prematuro final.*

Neses cantís que miran á engaiolante Enseada de Caniveliñas, está a súa necrópole, nunha fastosa atalaia que anima á reflexión e ao recordo.





TEMPORAL INVERNAL

Que galego non sabe que todas as baixas presións atmosféricas entran pola súa comunidade? Que galego non sabe que temos un clima temperado, con abundante chuvía e vento no inverno? E quen non sabe que todo o deberíamos adaptar a esas características meteorolóxicas? ... Pois o que parece doado de entender, resulta que non o é, e vemos como a administración, con respecto a Ons, cada ano teñen que arranxar o que compuxeron o ano pasado porque o temporal volveu a desfacerlo.

Casas, camiños, árbores, praias,..., e ata xacementos arqueolóxicos son atacados por estas inclemencias meteorolóxicas no inverno, cousa que podemos considerar normal, o que non se pode admitir é que a administración, sabéndoo, á hora de reparar, non tome as medidas adecuadas para que non volva a ocorrer, ou polo menos intentalo. A chapuza é o seu *modus operandi* e, para o ano, novo presuposto, novo gasto,..., para remendar de novo aquilo que non foi ben arranxado.

Se por todo aquilo que se fixo mal, tiveran que pagar o novo arranxo os que non foron quen de predicir as posibles deficiencias, outro galo cantarían, pero como os cartos os poñemos todos, pois adiante.



ONS ARQUEOLÓXICA Coidar e Protexer

Seguimos á espera que o Parque ou a Uvigo presenten un Informe sobre os xacementos de Canexol, tanto de salga como do hábitat do Castro dos Mouros.

Á vez seguimos solicitando aos responsables políticos e xestores, que coiden a zona arqueolóxica que está a rentes do cantil da praia de Canexol.

Podemos dicir que, ata o de agora, o ano pasado polo bo inverno que tivemos e este, que a pesar dos meses de chuvía, a parte marítima comportouse bastante ben e non houbo esas marusías que en ocasións rompen con forza contra o cantil da costa leste de Ons e que pode provocar que se trague, na praia de Canexol, o xacemento romano, os depósitos de saín,..., e ata o camiño que dende Curro chega ata Pereiró.

Hai que buscar unha solución axeitada e ecolóxica antes de que pase e non botar as mans á cabeza despois. Técnicos hai que poden dar solucións adecuadas para non perder este anaco importantísimo da historia de Ons.



Fotos realizadas entre o 20 de xaneiro e o 5 de febreiro de 2023

ONS: NECESIDADES, PROMESAS, TRANSPARENCIA,...

Dende que saíu este minixornal, veño informando sobre as necesidades que ten Ons e a súa comunidade, das promesas que anualmente fan dende a administración e da falla de transparencia para saber en que se invisten os cartos que a Ons lle corresponden como parte da comunidade galega e nacional, así como os que veñen de Europa.

Dende 2019 está en funcionamento o PRUX, ao que se lle chamou “*Folleto cunha importante Declaración de Intencións*”. Nel, dende a administración, informaban, a carón da normativa pola que se ía a rexer o Parque, dun mundo de actuacións e bos presupostos que en varios anos ían ser investidos nas illas do Parque.

O escepticismo era total, se en 17 anos nada fixeran, que ían a facer agora. Pero, sempre hai que dar un pequeno espazo de credibilidade e quedamos á espera, non cruzados de brazos, senón pedíndolle aos responsables xestores do Parque que houbera **Transparencia** e que anualmente, a principios de ano, informaran sobre os proxectos, programacións, estudos, traballos,..., que se ían realizar durante ese ano en cada illa do Parque e, paralelamente, o presuposto que había para cada actuación.

Despois, ao rematar o ano, darían de novo explicación por medio doutro informe ben documentado, do realizado segundo a programación que tiñan a principios de ano, proxectos que non se puideron realizar e o seu por que, proxectos novos que xurdiron durante o ano,..., e, loxicamente o investido en cada un dos realizados, dos novos,..., cunha boa explicación do equipo económico,..., rematando coa sinatura dos responsables.

Iso si sería **TRANSPARENCIA**, que, sen meternos en política, vemos diariamente nos medios de comunicación, como dende a Oposición nacional lla piden ao Goberno Central, pero que na comunidade onde gobernan non o levan a cabo.

Pois ben, falando neste caso de Ons, nin no 2019, 2020, 2021 e 2022 soubemos que programación anual había, que presuposto tiñan para levalo a cabo, que proxectos se realizaron e cales non, que gastos tiveron segundo o presuposto inicial,...

Comezamos 2023. Estamos a principios de ano, contamos cun mundo de cartos anunciado polo Presidente da Xunta para investir en Ons (olho, cartos que xa lles corresponderían anualmente máis os que veñen de Europa). Pasou xaneiro, e información ningunha e, agás a teima da corta de árbores por toda a Illa que non paran de facer, non temos nin idea de que comezara algún proxecto máis.

A **DEPURADORA**, xa está arranxada? Os **camiños**, que este ano sufriron as inclemencias do tempo, xa teñen un proxecto técnico para a súa reparación? Vai comezar, por fin, algún tipo de **reforestación**, con asesoría técnica, con árbores autóctonas? Xa hai un estudo feito de como representar no Centro de Visitantes a temática **etnográfica e arqueolóxica**? Hai xa un plan de traballo para que o C. de Visitantes teña unha **programación ampla** durante o verán e que esta se presente ao público antes do mes de xuño e así os futuros turistas poidan programar as súas estancias? Xa hai programado un **ciclo de charlas, visitas, documentais**,..., sobre os xacementos arqueolóxicos? Haberá, como prometeu o Director do Parque, un **Campo de Traballo Arqueolóxico** dirixido por profesionais durante o verán? ...

Moitas cousas por facer, que se preguntamos aos responsables dirannos que xa está todo listo e a punto, pero despois chega a primavera e deseguido o verán e non vemos resultados.

2023 e o quinto ano dende que se puxo en funcionamento o PRUX, penso que xa é hora dunhas reunións a alto nivel e contando, no caso de Ons, cos veciños, concello de Bueu e persoas interesadas, para avaliar o funcionamento neste lustro do PRUX.

FARASE?



FOTOS

Arriba esquerda:
Barrio de Curro. No círculo as depuradoras.

Abaixo esquerda:
O Director do Parque prometendo unha boa sala etnográfica e arqueolóxica.

Dereita:
Onde rematan as rodeiras (comezo do barrio de Pereiró) e que deberían poñer por todos os camiños da Illa.

PEQUEÑO COMENTARIO SOBRE AS NOVAS XURDIDAS NA PRENSA E QUE CONSIDERO MOI INTERESANTES

INVERSIÓN DE 1´4 MILLÓNS NO FARO DE SÁLVORA

(1/01/2023)

Xa temos comentado a problemática dos novos usos que van ter estes “monumentos marítimos” cando se automaticen. Pronto Ons estará entre eles e penso que deberíamos ir propoñendo ideas para que non acabe en mans privadas e dedicado a restauración e hostalería.

Con respecto ao de Sálvora informan dunha boa inversión que, aparte de restauralo, modernizalo e preparalo vai dedicarse a destino <Starlight e de turismo científico>: *“Se abrirán las instalaciones al público y se acondicionarán para que sirvan de alojamiento tanto a los numerosos investigadores que realizan estudios en la isla como a escolares en visitas guiadas”*.

Soa moi ben, pero alguén terá que xestionalo, quen vai ser? Prepararano e logo o privatizaran? En Ons, polo que me explicaron, non dan moitas facilidades para que investigadores poidan, polo menos durmir, nas instalacións que teñen e que só utilizan no verán. Pasará o mesmo en Sálvora?

Como digo sempre, o tempo nos dirá que hai detrás de todo isto.



A CONSELLERÍA DE M. AMBIENTE LICITA A RECOLLIDA E TRANSPORTE DO LIXO DENDE A ILLA DE ONS

Segundo argumentan, a Consellería non ten medios propios para realizar este servizo. A recollida na Illa paréceme que, agás un ano, sempre a realizou persoal de Parques; logo levala a terra non, pero ben, o caso é que se faga e profesionalmente.

Este servizo viñámolo comentando nos nosos Informes dende hai anos. Diciamos que era increíble a cantidade de cartos que gasta a Consellería en divulgación para que se recicle e, aí está o sorprendente, en Ons, xestionada por M. Ambiente na súa totalidade, só poñía un contedor por casa. Recicla nada e información ningunha.

Segundo parece agora, a empresa que se faga cargo, esperamos, que poña, polo menos, un contedor para orgánicos e outro para vidro, e por cada barrio ou grupo de casas, un contedor para aceites, importantísimo.

Como novidade este ano, e que levabamos pedindo tamén dende hai anos, a empresa deberá: *“...incluir una charla divulgativa en el centro de visitantes de la isla de Ons, dirigida a vecinos y hosteleros, para intentar concienciar sobre la importancia de la separación de residuos en origen”*.

Esperamos que así se faga, que se informe á Asociación Veciñal e esta aos veciños para que asistan masivamente; e que a charla non sexa só sobre reciclaxe senón que inclúa uso da luz, da auga e de produtos de limpeza e fogar para informarles sobre os que son menos agresivos para o medio.

Único contedor que había por casa. Tamén habería que estudar a hora de recollida, ás veces, por calquera razón quedan abertos e as gaiivotas encárganse de espaxer o lixo.



Interesante iniciativa o deste audiovisual. Sería importante que se subvencionara un traballo exhaustivo sobre os efectos do Prestige en Ons.

Ven a verte!

VENRES 10 DE FEBREIRO DE 2023, AS 19:00
PROYECCIÓN AUDIOVISUAL (20 MIN)

VOLUNTARIOS NA LOITA CONTRA O CHAPAPOTE EN ONS

SEGUIDO DA CHARLA:
CONSECUENCIAS DO PRESTIGE NA CIENCIA
DA OCEANOGRÁFA
DR. SUSANA BASTÓN MEIRA
(30 MINUTOS)

Lugar: Centro Social do Mar de Bueu
Organiza: Asociación ecoloxista Anduxía
en colaboración co Cineclub Bueu e o Concello de Bueu